



XUNTA DE GALICIA

I. E. S. AQUIS CELENIS

36650 CALDAS DE REIS

☎ 986 54 03 58 - FAX 986 54 10 17

ies.aquis.celenis@edu.xunta.es

**ALCALDÍA DO ILMO. CONCELLO DE
CALDAS DE REIS**

r/ Ferrería, 1

36650

Caldas de Reis

Sr. Alcalde do Concello de Caldas de Reis:

Segundo acordo aprobado no Pleno do día 30 de setembro de 2011, as decisións sobre os accesos ao IES Aquis Celenis e a circulación pola carballeira de Caldas deberían tomarse de modo consensuado entre a Alcaldía, os grupos políticos e os centros educativos afectados.

Dado que xa pasou máis dun mes desde o dito acordo sen que se convocase a dita reunión.

Tendo en conta que se realizaron cambios no acordo tomado (como a prohibición de saída desde o instituto cara á carballeira) sen coñecer a nosa opinión nin necesidades.

Coñecido pola prensa e polo representante do Concello no noso Consello Escolar que se aprobou o pasado día 10 unha moción que afecta aos accesos do noso centro de modo negativo para as necesidades desta comunidade educativa.

Ante o malestar manifestado polo profesorado que forma o claustro deste centro pola ausencia de información oficial e a solicitude realizada á dirección do IES para que se adopten medidas de protesta.

Reiteramos a nosa solicitude do día 17 de novembro :

Unha reunión á maior brevidade posible na que participen as partes sinaladas na moción que se aprobou no pleno do 30 de setembro; isto é, o equipo de goberno, os grupos políticos do Concello de Caldas, as ANPAS e direccións dos centros afectados.

Agradecéndolle de antemán a maior urxencia,

Caldas de Reis, 25 de novembro de 2011

O DIRECTOR DO IES AQUIS CELENIS

Xosé M. Candal González